

O exame consta de tres preguntas obrigatorias, a partir da lectura do seguinte **texto**:

De todas as maneiras que hai de visitar un museo, unha chama especialmente a atención: esa que teñen algúns de mirar unha obra de arte só a través da pantalla do móbil. E cada vez resulta máis habitual. Un adoita atoparse cunha nube de brazos con teléfonos en alto que buscan facerse *selfies* ou fotografar o que teñen diante, e así a experiencia de ir contemplar o arte muda: agora é difícil pararse fronte a unha obra sen que se plante alguén diante para se inmortalizar xunto a esta pintura ou aquela escultura.

Cousa que só sucede, claro, nos museos que permiten facer fotos. O Louvre deixa que os seus visitantes fagan fotografías (sen flash, iso si). Cada ano cruzan as súas portas uns oito millóns de persoas. Delas, e presencieino hai unhas semanas, centos pasean polas súas salas sen mirar directamente a arte: atópanse coa imponente Vitoria de Samotracia, clic; entran na sala na que se amosa A liberdade guiando o pobo e A balsa da medusa, clic, clic. Ao chegaren á ategada sala da Gioconda, a competición pola mellor foto é total. Non resulta doado ver o cadro pola cantidade de xente que hai e os incontábeis móbiles, que buscan, clic, clic, fotografar o cadro. Outros tantos, cando conseguen achegarse, no canto de parar uns segundos admirar a obra de Leonardo da Vinci, xíranse, posan, clic. *Selfie* e á seguinte sala.

Quen pasean polo Louvre co móbil en alto capturando todo o que atopan ao seu paso non van por amor á arte -no sentido literal-, senón que posan fronte á Mona Lisa porque é unha das cousas que hai que ver en París. E, de camiño, quizais perden obras mestras como As vodas de Caná, de Veronés. Evidentemente, no Louvre con conscientes do obxectivo de moitos e nos percorridos que recomendan na súa web intentan que non pase desapercibido: «Mentres esperas na cola para atoparte cara a cara coa Gioconda, podes aproveitar para botar unha ollada á obra As vodas de Caná, xusto en fronte, aínda que co seu tamaño seguramente xa a viches. Este cadro mide case 70 m² e é o máis grande do Louvre».

Iso mesmo critica a arquitecta Sonia Rayos na súa conta de Instagram: «Na sala máis visitada do Louvre, todos miran na mesma dirección. Mais non cara á pintura máis grande, máis escandalosa, máis luminosa. Non. Todos miran unha muller de xesto mínimo, tamaño contido e sorriso discutido: A Gioconda. E aí estamos: móbiles en alto, cotobeladas, empuxóns, a expectativa inflada por séculos de mito. Como se vela en persoa fose desbloquear un segredo universal porque nos afixemos a mirar o que todo o mundo mira».

«Pregúntome canta persoas estarían no Louvre se se prohibise o uso dos móbiles. Paseade polas súas salas, a dos cadros de Rubens está baleira», engade. É certo, a segunda planta do museo atesoura auténticas xoias das que se pode gozar sen aglomeracións. Aínda que é probábel que mentres estás ante A encaixeira, de Vermeer, un cadro de apenas 20 centímetros, alguén te interrompa cunha cámara, clic, e á seguinte sala.

(José Nicolás, *El País*, 5 de decembro de 2025, adaptado e traducido)

PREGUNTA 1. Indique, nunha frase de non máis de 25 palabras, cal é o tema principal que se trata no texto. **(2 puntos)**

PREGUNTA 2. Resuma, nunha extensión aproximada de 150 palabras, o contido do texto, reflectindo as ideas principais e secundarias deste. **(2 puntos)**

PREGUNTA 3. Elabore un comentario crítico no que exprese a súa opinión sobre o contido do texto, manifestando, de xeito argumentado e razoado, o seu acordo ou desacordo coas ideas que nel se expresan. **(6 puntos)**

El examen consta de tres preguntas obligatorias, a partir de la lectura del siguiente **texto**:

De todas las maneras que hay de visitar un museo, una llama especialmente la atención: esa que tienen algunos de mirar una obra de arte solo a través de la pantalla del móvil. Y cada vez resulta más habitual. Uno suele toparse con una nube de brazos con teléfonos en alto que buscan hacerse selfis o fotografiar lo que tienen delante, y así la experiencia de ir a contemplar el arte cambia: ahora es difícil pararse frente a una obra sin que se le plante alguien delante para immortalizarse junto a esta pintura o aquella escultura.

Cosa que solo sucede, claro, en los museos que permiten hacer fotos. El Louvre deja que sus visitantes hagan fotografías (sin flash, eso sí). Cada año cruzan sus puertas unos ocho millones de personas. De ellas, y lo presencié hace unas semanas, cientos pasean por sus salas sin mirar directamente el arte: se topan con la imponente Victoria de Samotracia, clic; entran en la sala en la que se muestra La libertad guiando al pueblo y La balsa de la medusa, clic, clic. Al llegar a la abarrotada sala de La Gioconda, la competición por la mejor foto es total. No resulta fácil ver el cuadro por la cantidad de gente que hay y los incontables móviles, que buscan, clic, clic, fotografiar el cuadro. Otros tantos, cuando consiguen acercarse, en lugar de pararse unos segundos a admirar la obra de Leonardo da Vinci, se giran, posan, clic. Selfi y a la siguiente sala. Quienes pasean por el Louvre con el móvil en alto capturando todo lo que encuentran a su paso no van por amor al arte -en el sentido literal- sino que posan frente a la Mona Lisa porque es una de las cosas que hay que ver en París. Y, de camino quizá se pierden obras maestras como Las bodas de Caná, de Veronés. Evidentemente, en el Louvre son conscientes del objetivo de muchos y en los recorridos que recomiendan en su web intentan que no pase desapercibido: "Mientras esperas en la cola para encontrarte cara a cara con La Gioconda, puedes aprovechar para echar un vistazo a Las bodas de Caná, justo enfrente, aunque con ese tamaño seguramente lo hayas visto ya. Este cuadro mide casi 70 m² y es el más grande del Louvre".

Esto mismo critica la arquitecta Sonia Rayos en su cuenta de Instagram: "En la sala más visitada del Louvre, todos miran en la misma dirección. Pero no hacia la pintura más grande, más escandalosa, más luminosa. No. Todos miran a una mujer de gesto mínimo, tamaño contenido y sonrisa discutida: La Gioconda. Y ahí estamos: móviles en alto, codazos, empujones, la expectativa inflada por siglos de mito. Como si verla en persona fuera a desbloquear un secreto universal porque nos hemos acostumbrado a mirar lo que todo el mundo mira".

"Me pregunto cuántas personas estarían en el Louvre si se prohibiera el uso de los móviles. Pasead por sus salas, la de los cuadros de Rubens está vacía", añade. Es cierto, la planta segunda del museo atesora auténticas joyas que se pueden disfrutar sin aglomeraciones. Aunque es probable que mientras estás ante La encajera, de Vermeer, un cuadro de apenas 20 centímetros, te interrumpa alguien con una cámara, clic, y a la siguiente sala.

(José Nicolás, *El País*, 5 de diciembre de 2025, adaptado)

PREGUNTA 1. Indique, en una frase de no más de 25 palabras, cuál es el tema principal que se trata en el texto. **(2 puntos)**

PREGUNTA 2. Resuma, en una extensión aproximada de 150 palabras, el contenido del texto, reflejando las ideas principales y secundarias de este. **(2 puntos)**

PREGUNTA 3. Elabore un comentario crítico en el que exprese su opinión sobre el contenido del texto, manifestando, de forma argumentada y razonada, su acuerdo o desacuerdo con las ideas que en él se expresan. **(6 puntos)**